

ADEUS A VALENTE

Debo aceptar que, ao coñecer a morte de Valente, sentin, inicialmente, unha grande surpresa, despois algo irrecoñecíbel, que plaxiaba a angúria, espetado no peito. Co percurso do tempo, cando xa transcorreran várias horas, unha mágoa profunda e un profundo desexo de chorar instalaron-se no meu interior. Reflectin sobre estes sentimentos, en aparéncia incomprensíbeis, dado que eu xamais falara co poeta falecido.

No límiar —ou no epílogo; con el xamais se sabe— dunha das suas ficcións, Borges fai alusión a un excelente amigo que a literatura lle dera: referia-se a R. L. Stevenson, a quen —para non incorrer en imperdoábel anacronismo— nunca coñecera en persoa. Eu podo hoxe dicer que —sen coñecer fisicamente a ningún deles— a literatura forneceu-me dous amigos extraordinarios: Jorge Luis Borges e José Angel Valente, cos que partillei, nos últimos trinta anos, mañás inesquecíbeis e noites memorábeis. Por iso é de xustiza recoñecer agora, cando a roca da Parca manifesta outravolta a sua ruín presenza, que todas as miñas (lacónicas) destrezas nos territorios da prosa e do verso mas aprenderon respectivamente Borges e Valente. Laio-me, humildemente, non ser mellor alumno.

Talvez nesta consciéncia se alicerce a miña sincera mágoa pola morte de Valente; talvez esta mágoa non sexa máis que o recoñecemento explícito do agradecemento que desexo mostrar-lle, aínda que non me escucha, ao tempo que manifesto o meu desexo implícito, probabelmente incumprido para sempre, de escreber un poema —só un breve poema— que posuíra a condensación, a forza elemental, do meu compatriota ourensán.

Arestora, no instante do adeus, non ten sentido que me dirixa a el, nen que utilice frases como as acostumadas *onde queira que esteas*, e outras semellantes. Eu sei, o mesmo que sabía Valente, que el se acha agora na nada imensa cara onde navegamos dende o preciso instante do noso nacemento. A quien escrebeu *casa, lugar, habitación, morada: empieza así la oscura narración de los tiempos* non semella lóxico tencionar situa-lo en espazos imaxinarios nen en dimensións químéricas tales como *o outro mundo*, aínda que haxa cronistas que se refiren a el como o grande místico. Prefiro, novamente, apresentar a miña gratitud e a miña admiración pola sua palabra sincera na poesía e na rua, esa limpa palabra que sostiña que *la poesía ha de tener por fin la verdad práctica; su misión es difícil*. A mesma que sostiña que Hierro era un poeta corriqueiro e que Almudena Grandes unha má escritora.